

PROXECTO DE ORDE pola que se establece o procedemento de regularización administrativa de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial.

A Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria, dispón no seu artigo 10.1 que as instalacións, equipos, actividades e produtos industriais, así como a súa utilización e funcionamento deberán axustarse aos requisitos legais e regulamentarios de seguridade.

O artigo 12.5 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria, establece que os regulamentos de seguridade industrial de ámbito estatal se aprobarán sen prexuízo de que as comunidades autónomas, con competencia lexislativa sobre industria, poidan introducir requisitos de ámbito adicional sobre as mesmas materias cando se trate de instalacións radicadas no seu territorio.

Un dos requisitos, que se recolle de maneira xenérica nos distintos regulamentos de seguridade industrial, é a presentación da documentación oportuna como paso previo á posta en marcha das instalacións Industriais sometidas aos devanditos regulamentos.

Porén constatouse que existe un número importante de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial que, por diversas razóns (antigüidade, destrución de arquivos, causas de forza maior, erros de inscrición, traspasos entre empresas ou cambios de titularidade non comunicados), non constan rexistradas no rexistro preceptivo da Consellería competente en materia de industria, coa documentación que serviu no seu día para a súa posta en servizo ou comunicar as modificacións, o que supón unha situación irregular, sendo necesaria a súa regularización.

Esta falta de documentación dificulta tanto aos técnicos dos órganos competentes en materia de industria como aos organismos de control, en canto axentes encargados das inspeccións periódicas, a determinación da antigüidade da instalación e en consecuencia a do regulamento que debe aplicarse na inspección da mesma, así como a valoración técnica de se se manteñen as condicións coas que as instalacións foron postas en servizo, ou pola contra ampliáronse ou modificado, e neste caso, se se cumpriron os requisitos regulamentarios para iso.

Estas instalacións escapan ao control da administración e os seus titulares teñen problemas á hora de intentar cumprir con obrigas como a inspección por organismo de control, sen que exista nestes momentos unha solución legal á súa situación. Con esta orde preténdese establecer un mecanismo que permita regularizar estas instalacións aportando unha serie de documentos que aseguren que cumpren coa lexislación vixente no momento da súa posta en marcha e que na actualidade son instalacións seguras.

Ademais, o non ter constancia da inscrición das instalacións, implica un descoñecemento da realidade do sector industrial da Comunidade e, en consecuencia, unha traba para o necesario control que debe realizar a Administración.

A maioría dos regulamentos de seguridade industrial vixentes non contemplaron a situación de falta de documentación posterior á posta en marcha na súa ordenación, e a a regularización desta situación. Soamente reflectiuse no Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión, aprobado por Real Decreto 337/2014, do 9 de maio; no Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas e as súas instrucións técnicas complementarias, aprobado polo Real Decreto 552/2019, do 27 de setembro; no Regulamento de equipos a presión y sus instrucións técnicas complementarias, aprobado polo Real Decreto 809/2021, de 21 de setembro; e no Real Decreto 355/2024, do 2 de abril, polo que se aproba a Instrución Técnica Complementaria ITC AEM 1 «Ascensores», que regula a posta en servizo, modificación, mantemento e inspección dos ascensores, así como o incremento da seguridade do parque de ascensores existente. Todo isto provocou actuacións non homoxéneas das Administracións públicas competentes no rexistro e control destas instalacións, en relación co procedemento de regularización administrativa das instalacións.

Resulta así necesario establecer un procedemento de regularización administrativa, que por unha banda, permita rexistrar esas instalacións, o que será instrumento esencial para o seu control, e por outra, permita realizar a inspección nesas instalacións, verificando a seguridade das mesmas, en aplicación das normas técnicas en vigor na data en que se acredite a súa posta en servizo.

O procedemento de regularización administrativa ofrecerá variantes en función da intervención ou non dun organismo de control habilitado e en función da vixencia ou non da normativa á que deberon acollerse as instalacións no momento da súa execución. Tamén terá en conta se se estableceron procedementos específicos na normativa de aplicación, e, no seu caso, se se superaron os prazos establecidos nela.

O obxecto do libro primeiro do Decreto legislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, é ordenar a seguridade industrial mediante o establecemento dun sistema de control que, atendendo a criterios de eficacia e eficiencia, garanta a seguridade dos establecementos, das instalacións e dos produtos industriais dentro do ámbito de competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo das que lles correspondan a outras administracións.

O artigo 30.I.2 do Estatuto de autonomía de Galicia, aprobado mediante a Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, atribúelle á Comunidade Autónoma competencias exclusivas en materia de industria, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 e 149.1, 11 e 13 da Constitución.

O Decreto 140/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria, recolle que a Consellería de Economía e Industria é o órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ao cal, ademais daquelas competencias e funcións establecidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, lle

corresponde, de conformidade co Estatuto de autonomía e coa Constitución, o exercicio de funcións en materia de administración e seguridade industrial.

Este proxecto adecúase aos principios de boa regulación conforme aos cales deben actuar as administracións públicas no exercicio da iniciativa lexislativa e a potestade regulamentaria, como son os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia, previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así, ponse de manifesto o cumprimento dos principios de necesidade e eficacia, ao considerarse que a aprobación desta orde é o instrumento necesario para conseguir o obxectivo perseguido que é o de que os titulares de instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial que no estean debidamente rexistradas ante a Consellería competente en materia de industria poidan regularizar esta situación. A norma é acorde ao principio de proporcionalidade, ao conter a regulación imprescindible para atender á súa finalidade e a consecución dos obxectivos previamente mencionados. Igualmente axústase ao principio de seguridade xurídica, xa que esta norma é coherente co resto do ordenamento xurídico e pretendeuse que sexa clara e que facilite a actuación e a toma de decisións das persoas e empresas. En canto ao principio de transparencia, solicitáronse todos os informes preceptivos e déronse cumprimento aos distintos trámites propios da participación pública, isto é, consulta pública e trámites de audiencia e información públicas. Con respecto ao principio de eficiencia, a norma non impón cargas administrativas innecesarias ou accesorias, non se establecen cargas administrativas suplementarias que non se atopen xustificadas por razóns de control e seguridade e, en todo caso, que resulten as mínimas e proporcionadas á situación que se regula.

Para a elaboración desta orde seguiuuse a Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Durante o período comprendido **entre o xxxxxx e xxxxxx** (en cumprimento do disposto no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de abril de 2017 polo que se aproban as instrucións para habilitar a consulta pública previa no proceso de elaboración de normativa a través do portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia) se expuxo publicamente na fase "Consultas abertas" da sección "Consulta pública previa" do portal de Transparencia e Goberno aberto a proposta normativa.

Esta orde consta de **x artigos, x disposicións adicionais, e x disposicións finais.**

En virtude de todo o anterior, e de conformidade coas atribucións que me son conferidas,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto establecer o procedemento de regularización administrativa de instalacións sometidas á normativa de seguridade industrial situadas no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia que, por motivos de antigüidade, destrución de arquivos, causas de forza maior, erros de inscrición, traspasos de activos entre empresas ou cambios de titularidade non comunicados, non consten inscritas no correspondente rexistro preceptivo da Consellería competente en materia de industria, coa correspondente documentación que serviu para acreditar a súa posta en servizo ou comunicar as ampliacións, modificacións ou reformas posteriores a ela, e non estean suxeitas a un procedemento específico de regularización segundo a normativa aplicable.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

1. A presente orde será de aplicación a todas as instalacións sometidas á normativa de seguridade industrial situadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia que, por motivos de antigüidade, destrución de arquivos, causas de forza maior, erros de inscrición, traspasos de activos entre empresas ou cambios de titularidade non comunicados, non consten inscritas no correspondente rexistro preceptivo da Consellería competente en materia de industria, non dispoñendo da documentación que serviu no seu día para acreditar a súa posta en servizo e non estean suxeitas a un procedemento específico de regularización segundo a normativa aplicable. Así mesmo será de aplicación ás ampliacións, modificacións ou reformas das instalacións realizadas non inscritas nos mesmos termos anteriores.

2. A presente orde non será de aplicación ás instalacións sometidas a regulamentos de seguridade industrial cuxos regulamentos de seguridade vixentes contemplan xa a regularización das instalacións, e se estea dentro do prazo establecido. Neste caso a regularización deberá facerse de acordo co establecido no regulamento de seguridade vixente.

3. O procedemento de regularización regulado nesta orde aplicaráse exclusivamente a efectos da normativa de seguridade industrial, sen prexuízo de que as instalacións requiran outras autorizacións ou inscricións para a súa regularización, de acordo con outras normativas que lles sexan de aplicación.

CAPÍTULO II

Procedemento para a regularización administrativa de instalacións sometidas á normativa de seguridade industrial tras a inspección por un organismo de control habilitado

Artigo 3. Actuacións dos organismos de control acreditados

Os organismos de control acreditados, ao realizar unha inspección a unha instalación sometida á normativa de seguridade industrial, deberán solicitar a documentación administrativa que acredite a correcta posta en funcionamento da mesma. En ausencia desta documentación polos motivos sinalados no artigo 1, deberán seguir o procedemento indicado neste Capítulo.

Artigo 4. Datación da instalación

1. A datación dunha instalación é imprescindible para establecer a normativa de aplicación no transcurso dunha inspección periódica. En ausencia de documentación técnica, a data de posta en servizo da instalación, poderá determinarse por algún destes medios:

- Data da primeira subministración de enerxía.
- Data da cédula de habitabilidade do edificio, licencia de primeira ocupación, informe da Inspección Técnica de Edificios ou o Informe de Avaliación de Edificios onde se explote a instalación.
- Ano de construción do edificio segundo certificación catastral.
- Actas de inspección inicial ou periódica ou de calquera outro tipo emitidas por organismos de control habilitados;
- Certificados de revisións regulamentarias emitidos por empresas mantedoras habilitadas;
- Libros de mantemento ou rexistros documentais do mantemento da instalación, como contratos de mantemento, asinados por empresas mantedoras habilitadas;
- Datas das licenzas municipais das obras, de actividade ou de apertura do establecemento no que se sitúa a instalación;
- Outras autorizacións administrativas sectoriais vinculadas á actividade desenvolvida;
- No caso da instalación de equipos usados, procedentes doutra instalación, dita documentación non será válida para a datación da instalación.
- Calquera outro medio probatorio que permita identificar inequivocamente a data de posta en servizo

2. No caso de non existir ningunha documentación que date fidedignamente a instalación, considerarase que a mesma foi posta en servizo co regulamento de seguridade Industrial que estea actualmente en vigor para ese tipo de instalación.

3. O organismo de control habilitado deberá determinar cal é a regulamentación que estaba en vigor á data de datación e realizar a inspección periódica á instalación de acordo con dita regulamentación. Así mesmo, no caso de que o titular puidese achegar algunha documentación de carácter técnico, deberá revisala e comprobar se a instalación reflectida nesta documentación técnica coincide coa instalación existente.

Artigo 5. Procedemento a seguir para instalacións sen defectos, ou con defectos leves, que non posúan documentación administrativa

1. Se como resultado da inspección, a instalación non presenta defectos, ou estes son leves, ou o único defecto sexa a falta de documentación, o organismo de control habilitado formalizará unha acta de inspección, na que constará ademais dos defectos a ausencia de documentación administrativa, o mesmo constará na comunicación do resultado da inspección ao órgano competente en materia de industria.

2. O titular da instalación deberá presentar no prazo de seis meses, polo procedemento indicado no artigo 15, para a súa regularización, a seguinte documentación:

a) A acta de inspección

b) O certificado de regularización administrativa da instalación, asinado por persoa instaladora habilitada para ese ámbito regulamentario, no que se indique que a instalación cumpre os requisitos técnicos da regulamentación vixente no momento da data de posta en marcha e que se atopa en correcto estado de funcionamento.

c) A documentación xustificativa da datación da instalación, determinada segundo o disposto no artigo 4.1 da presente orde.

d) A documentación técnica da instalación, que reflicta a súa situación real, e que conteña, como mínimo, a descrición da mesma, o seu uso, no seu caso o número CUPS (Código Universal de Punto de Subministración), a referencia catastral da localización da instalación, o esquema de funcionamento, os planos, e a xustificación do cumprimento da regulamentación que lle sexa de aplicación, incluíndo certificados de probas e ensaios realizados á instalación e aos equipos existentes.

e) O contrato de mantemento da instalación, se procede, segundo a normativa de aplicación.

f) O seguro de responsabilidade civil, se procede, segundo a normativa de aplicación.

g) Xustificante de pago de taxas administrativas correspondentes.

3. A documentación técnica das instalacións que requirisen proxecto, será asinada por persoa técnica titulada competente cando así o esixise a normativa que estaba en vigor no momento da posta en servizo dese tipo de instalación. Para os casos restantes, a documentación técnica será asinada por persoa instaladora habilitada para ese ámbito regulamentario.

4. Se a partir da datación o organismo de control habilitado comprobouse que a instalación está suxeita á regulamentación actualmente en vigor, o titular deberá seguir o procedemento que se recolle no actual regulamento para a posta en servizo das instalacións e achegarase a documentación esixida conforme a este.

5. De maneira automática, dilixenciarase e notificaráselle electronicamente ao titular o certificado de regularización administrativa presentado. No devandito

certificado indicárase o número de inscrición no ámbito regulamentario correspondente.

6. No caso de detectarse deficiencias na documentación presentada, o Departamento Territorial competente en materia de industria da provincia correspondente comunicarllo ao titular, concedéndolle un prazo de 10 días para emendar as deficiencias. Se non se atendese adecuadamente a este requirimento, procederá iniciar a cancelación no rexistro e archivar o expediente de regularización, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas derivadas, sen menoscabo do requirimento de execución forzosa en materia de seguridade industrial.

Artigo 6. Procedemento a seguir para instalacións con defectos graves ou moi graves, que non posúan documentación administrativa

1. Se do resultado da inspección polo organismo de control habilitado despréndese que a instalación presenta defectos graves ou moi graves, que non sexan a falta de documentación, segundo o regulamento en vigor na data de posta en servizo, estes deberán corrixirse por unha empresa instaladora, mantedora ou conservadora habilitada.

2. Se como consecuencia das actuacións necesarias para emendar os defectos, a instalación sexa obxecto de reformas ou modificacións de importancia, seranlle de aplicación as condicións técnicas do regulamento de seguridade industrial que se atope actualmente en vigor, no referente á parte modificada. Debéndose comunicar ao Departamento Territorial competente en materia de industria da provincia correspondente achegando a documentación que indica o regulamento de seguridade industrial en vigor.

3. No caso de existir defectos graves, o organismo de control habilitado formalizará unha acta de inspección condicionada, na que exprese os defectos leves e graves atopados, e concederalle ao titular da instalación o prazo máximo de seis meses para emendalos defectos, que non sexan a falta de documentación

No prazo máximo de seis meses desde a data da inspección, o titular deberá corrixir os defectos atopados e acreditarlo mediante un certificado de corrección dos defectos, asinado por persoa instaladora habilitada para ese campo regulamentario. Tras comprobalo, o organismo de control habilitado emitirá unha nova acta de inspección condicionada, cando o único defecto sexa a subsanación da falta de documentación, ou negativa de non terse subsanado o resto dos defectos.

4. No caso de existir defectos moi graves, o organismo de control habilitado formalizará unha acta de inspección negativa, na que exprese os defectos leves, graves e moi graves atopados, e indicará as medidas para adoptar ao titular da instalación segundo as circunstancias recollidas no Regulamento que sexa de aplicación. Así mesmo, comunicará de maneira inmediata, tal circunstancia ao Departamento Territorial competente en materia de industria da provincia

correspondente, que poderá ditar as medidas cautelares que procedan segundo o artigo 10 da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de Industria.

Para o restablecemento da legalidade vixente tras una acta de inspección negativa, deberase realizar unha nova inspección completa da instalación, por calquera organismo de control habilitado no campo da actuación ao que estea suxeita a instalación, con resultado de acta de inspección condicionada, cando o único defecto sexa a falta de documentación, ou negativa de non terse subsanado o resto dos defectos.

O acta de inspección deberá ser comunicado ao Departamento Territorial competente que, no caso de que se ditan medidas cautelares, poderá acordar o seu levantamento, se fora o caso

5. No caso ter finalmente unha acta de inspección favorable ou condicionada, a cal recolla como único defecto a falta de documentación, o titular da instalación ou instalador habilitado, cando se recolla dita posibilidade no regulamento de aplicación, deberá presentar, polo procedemento indicado no artigo 15, para a súa regularización, a documentación referida no artigo 5.2 desta orde, á que se engadirá, ademais, o certificado de corrección dos defectos mencionado no apartado 3 deste artigo, e se fora o caso, a documentación recollida no apartado 2 deste artigo para a parte modificada co regulamento de seguridade industrial que se atope actualmente en vigor.

6. O organismo de control acreditado fará constar na acta de inspección a ausencia de documentación administrativa, así como na comunicación do resultado da inspección ao órgano competente en materia de industria.

CAPÍTULO III

Procedemento para a regularización administrativa de instalacións sometidas á normativa de seguridade industrial sen intervención dun organismo de control habilitado

Artigo 7. Aplicación

O procedemento previsto neste Capítulo aplicarase no caso das instalacións recollidas no ámbito de aplicación desta orde que non teñan regulada inspección periódica por organismo de control habilitado, cando a regularización da instalación se leve a cabo por iniciativa do seu titular ou por requirimento do órgano competente en materia de industria.

O titular deberá datar a instalación en por si ou coa axuda dunha empresa instaladora habilitada para ese ámbito regulamentario.

En ausencia de documentación técnica, a data de posta en servizo da instalación, poderá determinarse segundo o disposto no artigo 4.

Artigo 8. Instalación executada cun regulamento de seguridade industrial xa derogado

1. No caso de instalacións executadas en aplicación dun regulamento de seguridade industrial xa derogado, o titular da instalación ou instalador habilitado, cando se recolla dita posibilidade no regulamento de aplicación, deberá presentar, polo procedemento indicado no artigo 15, para a súa regularización, a seguinte documentación:

a) O certificado de regularización administrativa da instalación, asinado por persoa instaladora habilitada para ese ámbito regulamentario, no que se indique que a instalación cumpre os requisitos técnicos da regulamentación vixente no momento da data de posta en marcha e que se atopa en correcto estado de funcionamento.

b) A documentación xustificativa da datación da instalación.

c) A documentación técnica da instalación, que reflicta a súa situación real, e que conteña, como mínimo, a súa descrición, o seu uso, no seu caso o número CUPS, a referencia catastral da localización da instalación, o esquema de funcionamento, os planos, e a xustificación do cumprimento da regulamentación que lle sexa de aplicación, incluíndo certificados de probas e ensaios realizados á instalación e aos equipos existentes.

d) O contrato de mantemento da instalación, se procede, segundo a normativa de aplicación.

e) O seguro de responsabilidade civil, se procede, segundo a normativa de aplicación.

f) Xustificante de pago de taxas administrativas correspondentes.

2. A documentación técnica das instalacións que requirisen proxecto, será asinada por persoa técnica titulada competente cando así o esixise a normativa que estaba en vigor no momento da posta en servizo dese tipo de instalación. Para os casos restantes, a documentación técnica será asinada por persoa instaladora habilitada para ese ámbito regulamentario.

3. De maneira automática, dilixenciarase e notificaráselle electronicamente ao titular o certificado de regularización administrativa presentado. No devandito certificado indicarse o número de inscrición no ámbito regulamentario correspondente.

No caso de detectarse deficiencias na documentación presentada, o órgano competente en materia de industria correspondente comunicarllo ao titular, concedéndolle un prazo de 10 días para emendar as deficiencias. Se non se atendese adecuadamente a este requirimento, procederá iniciar a cancelación no

registro e archivar o expediente de regularización, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas derivadas, sen menoscabo do requirimento de execución forzosa en materia de seguridade industrial.

Artigo 9. Instalación executada cun regulamento de seguridade industrial actualmente en vigor

No caso de instalacións executadas cun regulamento de seguridade industrial actualmente en vigor, o titular deberá seguir o procedemento que se recolle no actual regulamento para a posta en servizo de instalacións novas e achegarse a documentación esixida en este.

CAPÍTULO IV

Regularización de instalacións de alta tensión, instalacións frigoríficas, equipos e instalacións a presión, e aparatos elevadores

Artigo 10. Regularización de instalacións de alta tensión

1. Soamente serán obxecto da presente regularización administrativa as instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica de alta tensión, así como as acometidas e outras instalacións eléctricas de alta tensión de propiedade particular, sempre que:

a) As liñas de alta tensión incluídas no ámbito de aplicación do artigo 2.1 do Real Decreto 223/2008, do 15 de febreiro, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en liñas eléctricas de alta tensión e as súas instrucións técnicas complementarias ITC-LAT 01 a 09, que estivesen en explotación antes do día 19 de marzo de 2010.

b) As instalacións de alta tensión, incluídas no ámbito de aplicación do artigo 2.1 do Real Decreto 337/2014, do 9 de maio, polo que se aproban o Regulamento sobre condicións técnicas e garantías de seguridade en instalacións eléctricas de alta tensión e as súas Instrucións Técnicas Complementarias ITC-RAT 01 a 23., que estivesen en explotación antes do día 9 de decembro de 2016.

c) Modificacións de liñas, centros de transformacion/seccionamiento e subestacións que dispoñan inicialmente de acta de posta en servizo pero non se atopan debidamente legalizadas, sempre e cando se executasen con anterioridade ás datas indicadas.

Quedan excluídas desta orde as instalacións de produción e liñas directas, así como as infraestruturas eléctricas das estacións de recarga de vehículos eléctricos, conforme a definición da actual Ley 24/2013, de 26 de decembro, del Sector Eléctrico.

2. O titular das instalacións achegará a solicitude de acta de posta en servizo para a regularización administrativa perante a Administración pública competente, coa seguinte documentación:

a) Acta de inspección favorable en vigor realizada por un organismo de control habilitado no campo, ou acta de verificación favorable en vigor realizada por persoal técnico titulado competente da empresa titular, se se trata de empresas de transporte ou distribución de enerxía eléctrica.

b) Memoria subscrita por persoal técnico titulado, que conteña as principais características técnicas das liñas (para cada tramo homoxéneo indicar: tipo aéreo/subterráneo, número de circuítos, tipo de condutor, sección, lonxitude, localización, trazado e unifilar) e do resto de instalacións (localización, tipo interior/intemperie, potencia de transformación MT/BT, dimensións en planta, número de liñas de MT con E/S, unifilar e número de liñas de saída en BT). As referencias de tramos de liñas e instalacións será coherente coa documentación gráfica facilitada sobre trazado.

c) Acreditación do cumprimento das obrigas de mantemento do titular da instalación mediante declaración responsable ou copia do contrato de mantemento da instalación subscrito cunha empresa instaladora para instalacións de alta tensión da categoría adecuada, segundo o caso.

d) O seguro de responsabilidade civil, se procede, segundo a normativa de aplicación.

e) Xustificante de pago de taxas administrativas correspondentes.

Ademais, a solicitude deberá ir acompañada dun certificado, asinado por técnico titulado competente, onde se faga constar:

a) Os datos referentes ás principais características técnicas da instalación.

b) Declaración expresa de que a instalación cumpre coa lexislación e regulamento aplicable no momento da súa posta en servizo.

c) A data de posta en tensión para dar servizo para todos os elementos que se pretenda regularizar.

d) Vida útil asignada da instalación para cada elemento da agrupación.

e) Cumprimento das medidas urbanísticas e ambientais co obxecto de respectar a ordenación de zonas verdes e espazos libres previstos na lexislación do solo, incluíndo a indicación expresa da inexistencia de informe desfavorable en materia de medio ambiente e urbanismo durante a tramitación administrativa da liña ou instalación.

No caso de non acreditar fidedignamente a data de posta en tensión, considerarase que a instalación foi posta en servizo co regulamento de liñas ou instalacións de alta tensión que estea actualmente en vigor

3. Como regra xeral, realizarase unha solicitude por centro de transformación ou seccionamento, subestación ou liña completa a regularizar, podéndose agrupar estas últimas xunto coas súas derivacións, así como agrupar a un conxunto de infraestruturas eléctricas de alta tensión (liñas, centros de transformación e seccionamento,...), cunha relación funcional derivada da súa conexión común.

4. A regularización administrativa será aplicable ás liñas e instalacións que, na data da súa solicitude, non dispoñan de acta de posta en servizo, sempre que estean no ámbito temporal do artigo 1, independentemente da existencia de autorización administrativa previa ou aprobación de proxecto de execución.

5. No caso de modificacións de liñas, centros de transformación/seccionamento e subestacións que, dispoñendo inicialmente de acta de posta en servizo, non se atopen debidamente legalizadas, a documentación que se achegue coa solicitude referirase á situación actual, e na memoria explicaranse as modificacións sufridas pola instalación e farase constar a data inicial de posta en marcha e a das modificacións.

Así mesmo, o contido do certificado deberá referirse tanto á instalación, como as modificacións realizadas posteriormente.

6. A acta de posta en servizo outórgase sometida ás seguintes condicións:

1ª. Esta acta outórgase sen prexuízo e independentemente das concesións, autorizacións, licenzas, permisos ou comunicacións que sexan esixibles ao [o solicitante titular da instalación] conforme a lexislación xeral e sectorial, incluídas as normas en materia medioambiental, urbanística e de ordenación do territorio, que deban ser outorgadas ou realizadas a esta ou outras Administracións Públicas ou entidades, de acordo coas normas aplicables.

2ª. O outorgamento desta acta en virtude do procedemento de regularización non implica a concesión de autorización administrativa previa nin a aprobación do proxecto de execución en relación coas liñas e instalacións regularizadas, sen prexuízo do establecido na condición 5ª.

3ª. Esta acta non outorga dereitos civís en relación a terceiros para os efectos de imposición de servidumes de paso, ocupación de terreos ou expropiación dos mesmos, debendo rexerse estes aspectos pola lexislación civil aplicable ao caso.

4ª. Esta acta outórgase sen prexuízo das eventuais reclamacións que puidesen presentar terceiros afectados, que poderían dar lugar, previa tramitación do correspondente procedemento con audiencia dos interesados, á revogación ou modificación da acta, no referido as instalacións regularizadas.

5ª. Esta acta outórgase sen prexuízo e non afectará á vixencia das resolucións de autorización administrativa, aprobación de proxecto ou outorgamento de acta de posta en servizo que se ditaron en relación con algunha ou algunhas das instalacións ou liñas. Así mesmo, se as liñas e instalacións incluídas dispoñen de declaración, en concreto, de utilidade pública, esta seguirá vixente e terá os efectos fronte a terceiros que as normas lle atribúa

6ª. No caso de que, como resultado das labores de inspección, supervisión e control que corresponden a esta Administración, se detectase que a información ou datos fornecidos polo titular da instalación no procedemento de regularización tramitado son inexactos, incompletos ou falsos, procederase á revogación ou modificación desta acta, tras a instrución do oportuno procedemento, con audiencia do interesado. Así mesmo, se como resultado de tales inspeccións ou controis se detectasen indicios da comisión de infraccións administrativas tipificadas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do Sector Eléctrico, o órgano competente poderá iniciar o correspondente procedemento sancionador.

7. A acta de posta en servizo estenderase polo órgano competente no prazo dun mes desde a solicitude de regularización, previas as comprobacións técnicas que se consideren oportunas. Si se tratase dunha instalación que afecte a diferentes provincias, estenderanse actas de posta en servizo por cada departamento territorial, e se inscribirán no correspondente rexistro, por cada unha deles.

8. No caso de detectarse deficiencias na documentación, o Departamento Territorial comunicarllo ao titular, concedéndolle un prazo de 10 días para emendar as deficiencias. Se non se atendese adecuadamente a este requirimento, darase por desistida a solicitude de regularización.

Artigo 11. Documentación necesaria para regularización de instalacións frigoríficas

Os titulares de instalacións frigoríficas, para a súa regularización, achegarán, ademais da documentación xustificativa da datación da instalación determinada consonte o artigo 4.1. desta orde, a seguinte documentación:

1. Para instalacións, de acordo coa clasificación do artigo 8 do Regulamento de seguridade para instalacións frigoríficas, aprobado polo Real Decreto 552/2019, de nivel 1 ou de nivel 2 que poidan ser realizadas por empresas de nivel 1:

a) Declaración responsable do titular ou usuario da instalación, onde se indique desde cando utiliza a instalación e que cumpre coas obrigacións do artigo 18 do citado Regulamento.

b) Informe da empresa instaladora subscrito por instalador habilitado no que se describa a instalación e acompañense cálculos e planos, indicando que a instalación cumpre os requisitos técnicos da regulamentación vixente no momento da data de realización da instalación ou da regulamentación actual e que se atopa en correcto estado de funcionamento.

c) En caso de estar sometida a inspeccións periódicas por utilizar carga de refrixerantes fluorados superior a 50 toneladas equivalentes de CO₂, deberá acompañar un certificado de inspección dunha entidade de inspección acreditada como Organismo de control no campo de instalacións frigoríficas no que se verifiquen o cumprimento dos controis de fugas.

d) Xustificante de pago de taxas administrativas

2. Para o resto de instalacións de nivel 2:

a) Declaración responsable do titular ou usuario da instalación, onde se indique desde cando utiliza a instalación e que cumpre coas obrigacións do artigo 18 do aprobado polo Real Decreto 552/2019, para os titulares de instalacións de nivel 2.

b) Informe de técnico titulado competente no que se describa a instalación e acompañense cálculos e planos, indicando que a instalación cumpre os requisitos técnicos da regulamentación vixente no momento da data de realización da instalación ou da regulamentación actual e que se atopa en correcto estado de funcionamento.

c) Certificado de inspección dunha entidade de inspección acreditada como Organismo de control no campo de instalacións frigoríficas no que se verifiquen as condicións de seguridade da instalación en relación co Regulamento de instalacións frigoríficas que afecte á mesma.

d) Contrato de mantemento con empresa habilitada.

e) Copia do seguro de responsabilidade civil cando se trate de instalacións de Nivel 2 que utilicen refrixerantes de media e baixa seguridade (L2 e L3) ao que se refire o artigo 18.d) do Real Decreto 552/2019.

f) Xustificante de pago de taxas administrativas

Artigo 12. Documentación necesaria para regularización de equipos e instalacións a presión

Para a regularización dos equipos e instalacións a presión, achegarase, ademais da documentación xustificativa da datación da instalación determinada consonte o artigo 4.1. desta orde, a seguinte documentación:

a) Declaración responsable da persoa titular indicando o ano de instalación e posta en servizo, así como que a súa utilización se ha realizado de forma continua e segura, describindo as condicións de uso.

b) Certificado de Construción emitido pola ou o fabricante, ou Declaración CE de Conformidade para os equipos vendidos ou postos en servizo a partir do 29 de maio de 2002, data de entrada en vigor do Real Decreto 769/1999, do 7 de maio. En caso de non dispoñer dos devanditos documentos será necesario presentar:

1.º Documentación de fabricación, ou na súa falta aquela que xustifique a súa antigüidade.

2.º Certificado emitido por persoa técnica titulada competente, incluíndo planos e unha memoria con cálculos xustificativos da idoneidade do equipo.

En calquera caso, os equipos vendidos ou postos en servizo con posterioridade ao 29 de maio de 2002 deberán contar coa marcado CE.

c) Certificado de inspección periódica de nivel C por un Organismo de Control indicando que o mesmo é seguro.

d) Certificado de empresa instaladora de que a instalación do equipo cumpre os requisitos regulamentarios e que é seguro:

1.º Se a instalación require proxecto, o Certificado estará asinado por persoa técnica titulada competente, acompañado pola documentación técnica que describa, calcule e xustifique a idoneidade da instalación. Esta documentación poderá abarcar conxuntamente os aspectos de deseño do equipo e da instalación.

2.º Se a instalación non require de proxecto, ao Certificado da empresa instaladora acompañarase unha Memoria asinada por empresa instaladora que incluírá, polo menos:

i. Esbozo da Instalación.

ii. Esquema de datos principais.

iii. Identificación e características de todos os equipos a presión

e) Xustificante de pago de taxas administrativas

Artigo 13. Documentación necesaria para regularización de aparatos elevadores

Os ou as titulares para a regularización dos aparatos elevadores achegarán, ademais da documentación xustificativa da datación da instalación determinada consonte o artigo 4.1. desta orde, a seguinte documentación:

a) A ficha técnica da instalación.

b) A declaración CE ou UE de conformidade.

Para aqueles ascensores para os que non se dispoña marcado CE por ser o aparello anterior ao Real Decreto 1314/1997, do 1 de agosto, polo que se ditan as disposicións de aplicación da Directiva do Parlamento Europeo e do Consello 95/16/CE, a declaración de conformidade será substituída por certificado emitido por persoa técnica titulada competente de empresa mantedora, incluíndo planos e unha memoria con cálculos xustificativos da idoneidade do equipo.

c) O manual de funcionamento, segundo anexo VIII instrución Técnica Complementaria ITC AEM 1 «Ascensores», aprobada polo Real Decreto 355/2024, de 2 de abril,.

d) A copia do contrato de mantemento.

e) Cando sexa aplicable, as actas de ensaio relacionadas co control final.

f) Inspección realizada por un organismo de control co alcance dunha inspección periódica completa, que debe ser favorable; esta inspección débese realizar como máximo cun mes de antelación respecto á comunicación ao órgano competente da comunidade autónoma da solicitude de regularización.

g) Xustificante de pago de taxas administrativas

CAPÍTULO V

Regularización das modificacións das instalacións de seguridade industrial

Artigo 14. Regularización das modificacións das instalacións de seguridade industrial

1. No caso de instalacións de seguridade industrial que si constan rexistradas no rexistro preceptivo da Consellería competente en materia de industria, coa documentación que serviu no seu día para a súa posta en servizo, pero que sufrisen modificacións e estas non fosen comunicadas ao Departamento Territorial da provincia correspondente, de conformidade coa normativa aplicable, seguiranse os seguintes trámites para regularizar a súa situación.

a) Deberase proceder á datación da modificación da instalación no modo establecido no artigo 4.1 desta orde.

b) En función da situación na que se atope a modificación que sufriu a instalación, respecto de se foi inspeccionada ou non por organismo de control habilitado, do tipo de defectos atopados en orde á súa gravidade, ou de se a modificación realizada fíxose conforme a normativa derogada ou non, aplicarase o correspondente artigo desta orde.

2. En todos os casos terase en conta o seguinte:

a) A instalación xa está inscrita no Rexistro do ámbito regulamentario, polo que toda a documentación que se xere deberá facer referencia a ese número de inscrición ou ben ao número de inscrición no rexistro industrial de Galicia no caso de instalacións que pola súa antigüidade foron inscritas baixo o rexistro industrial

b) O titular deberá contratar os servizos dunha empresa instaladora habilitada no campo regulamentario correspondente para ese tipo de instalación.

c) A empresa instaladora elaborará unha documentación técnica da instalación que reflecta a situación real, e que conteña a descrición das modificacións que sufriu a mesma.

d) Deberase elaborar un certificado de regularización administrativa da parte modificada da instalación, asinado por persoa instaladora habilitada para ese ámbito regulamentario.

e) O titular da instalación presentará, polo procedemento indicado no artigo 15, a documentación técnica xunto co certificado de regularización administrativa da modificación da Instalación.

f) O seguro de responsabilidade civil, se procede, segundo a normativa de aplicación.

CAPÍTULO VI

Disposicións comúns a todas as instalacións

Artigo 15. Procedemento

A regularización administrativa dunha instalación sometida a regulamentos de seguridade industrial farase a través do correspondente procedemento de Rexistros de instalacións afectadas por regulamentos de Seguridade Industrial xa existente na actualidade, ante a Consellería competente en materia de industria, marcando a opción “regularización administrativa de instalación existente” e presentando a documentación establecida nesta orde. O rexistro non supón un pronunciamento favorable da Administración sobre a idoneidade técnica da instalación, a aprobación da actividade industrial ou a idoneidade técnica da documentación ou proxecto presentado.

Artigo 16. Normativa de aplicación con carácter retroactivo

1. Os titulares daquelas instalacións suxeitas á normativa de seguridade industrial que, con posterioridade á súa posta en servizo, véxanse afectadas por normativa que estableza requisitos adicionais con carácter retroactivo, a efectos da súa regularización, deberán acreditar o cumprimento de tales requisitos regulamentarios.

2. En concreto, a existencia para os ascensores as medidas mínimas de seguridade a implantar nos ascensores existentes recollidas no Anexo VII da Instrución Técnica Complementaria ITC AEM 1 «Ascensores», aprobada polo Real Decreto 355/2024, de 2 de abril, salvo a excepción recollidas na cita instrución.

Artigo 17. Adaptación á normativa actual

Cando, a xuízo do órgano competente en materia de industria da provincia correspondente, o estado, situación ou características da instalación impliquen un risco grave para as persoas, bens ou medio ambiente, ou se produzan perturbacións importantes no normal funcionamento doutras instalacións, poderase esixir que a instalación, aínda cumprindo coa normativa que no seu día estaba en vigor, se adapte a determinados preceptos da normativa actual co obxecto de evitar ou limitar ao máximo devandito risco como paso previo á súa regularización administrativa. Neste caso o risco grave deberá estar debidamente acreditado mediante un informe técnico motivado no que se xustifique a necesidade da adaptación.

Artigo 18. *Inscripción das instalacións obxecto de regularización nos rexistros*

1. A inscrición das instalacións de seguridade industrial nos rexistros correspondentes a cada ámbito regulamentario, mediante o procedemento de regularización establecido nesta orde, non supón en ningún caso a aprobación da actividade industrial ou a idoneidade técnica da documentación ou proxecto presentado.

2. Unha vez rexistradas as instalacións no rexistro do ámbito regulamentario correspondente, mediante o procedemento de regularización establecido nesta orde, as instalacións seguiranse sometendo as obrigacións, inspeccións e revisións periódicas que estableza a regulamentación aplicable, así como aos controis do órgano competente en materia de industria, quen poderá aplicar as medidas establecidas no Decreto Lexislativo 1/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial., e Lei 21/1992, de 16 xullo, de Industria.

Disposición adicional primeira. *Taxas*

Na tramitación do procedemento de regularización administrativa descrito na presente orde, aplicárase a taxa correspondente, que deberá ser liquidada previamente a presentación da solicitude de regularización. En concreto, segundo o caso:

32.18.02 Regularización de instalacións eléctricas

32.19.82 Regularización de rexistros de instalacións afectadas por regulamentos de Seguridade Industrial

Disposición adicional segunda. *Modelos*

Estableceranse modelos normalizados de solicitudes, certificados de regularización e diferente documentación, segundo os casos recolleitos na presente orde, que estarán dispoñibles a través da sede electrónica da Administración da Comunidade de Galicia (<https://sede.xunta.gal/es/guia-de-procedementos-e-servizos>).

Disposición adicional terceira. *Equivalencias*

1. Naqueles tipos de instalacións nos que non exista a figura da persoa instaladora habilitada, os certificados de regularización e os certificados de corrección de defectos previstos na presente orde poderán ser asinados polo mantedor, conservador, fabricante, técnico competente, organismo de control ou polos titulares, segundo o caso.

2. No referido á documentación técnica das instalacións que non requirisen proxecto, a documentación técnica da instalación poderá ser asinada polo mantedor, conservador, fabricante, técnico competente ou organismo de control, segundo o caso.

Disposición adicional cuarta. *Instalacións posteriores*

Non procederá a regularización de instalacións postas en servizo con data posterior a entrada en vigor desta orde que deberán ser tramitadas polo procedemento ordinario.

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase á persoa titular da Secretaría Xeral de Industria e Desenvolvemento Enerxético para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Disposición final segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor aos 20 días da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela,

Mª Jesús Lorenzana Somoza

Conselleira de Economía e Industria